

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

8275 *Real decreto 624/2014, do 18 de xullo, polo que se desenvolve o dereito de remuneración aos autores polos préstamos das súas obras realizados en determinados establecementos accesibles ao público.*

O artigo 1.1 da Directiva 2006/115/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, sobre dereitos de aluguer e préstamo e outros dereitos afíns aos dereitos de autor no ámbito da propiedade intelectual, impón aos Estados membros da Unión Europea a obrigaición de recoñecer aos autores o dereito de autorizaren ou prohibiren o préstamo de orixinais e copias de obras protexidas polo dereito de autor. Esta obrigaición matízase no artigo 6.1 da citada directiva, que permite establecer excepcións á obrigaición no referente aos préstamos públicos e sempre que os autores obteñan ao menos unha remuneración por eses préstamos, remuneración que poderán determinar libremente os Estados membros tendo en conta os seus obxectivos de promoción cultural.

A transposición da directiva instrumentouse por medio da disposición derradeira primeira da Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, cuxo número dous modificou o artigo 37.2 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril. Nel relaciónanse os establecementos que non precisarán autorización dos titulares de dereitos de autor polos préstamos que realicen e fíxanse as bases para a remuneración aos autores polos ditos préstamos. Todo o que se refire á contía da remuneración e aos mecanismos de colaboración necesarios para o cumprimento das obrigaicións de remuneración entre as distintas administracións públicas se remite ao posterior desenvolvemento regulamentario. Do mesmo modo, a disposición derradeira única do texto refundido da Lei de propiedade intelectual habilita o Goberno para o desenvolvemento regulamentario desa lei. Até a aprobación da norma regulamentaria por medio deste real decreto, o réxime aplicable foi o previsto na disposición transitoria vixésima do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, após a modificación operada tamén pola disposición derradeira primeira da Lei 10/2007, do 22 de xuño.

O presente real decreto ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario do dereito de remuneración aos autores polos préstamos das súas obras en determinados establecementos abertos ao público, en cumprimento do previsto no citado artigo 37 e na disposición transitoria vixésima do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, e a súa finalidade é garantir o cumprimento efectivo da obrigaición de pagamento, en desenvolvemento e execución da normativa comunitaria.

A norma consta de oito artigos, unha disposición transitoria, unha disposición adicional e tres disposicións derradeiras. Os artigos un e dous dedícanse ao obxecto e ámbito de aplicación, delimitando os establecementos accesibles ao público en que o préstamo de obras sometidas a dereitos de autor dará lugar a remuneración, sexan estes establecementos de titularidade pública ou ben pertencen a entidades sen ánimo de lucro que persigan fins de interese xeral de carácter cultural, científico ou educativo, de acordo co disposto no artigo 2 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Así mesmo, determínanse cales destes establecementos quedan excluídos da obrigaición de remuneración. Neste senso, de acordo co texto refundido da Lei de propiedade intelectual e consoante o que vén sendo habitual no noso país e nos países da nosa contorna, fican exentas desta obrigaición as bibliotecas das institucións docentes integradas no sistema educativo español, calquera que for a súa titularidade e natureza, debido á súa contribución a garantir a plena efectividade do dereito á educación.

O artigo tres, polo seu lado, regula o feito xerador da obrigaón de remuneración compensatoria, entendendo como tal o préstamo de obras sometidas a dereito de autor, nos termos previstos no texto refundido da Lei de propiedade intelectual. En coherencia co anterior, o número dous do precepto exclúe determinados supostos que non xeran o dereito de remuneración por préstamo.

Os artigos catro e cinco dedícanse, respectivamente, aos suxeitos beneficiarios da remuneración por préstamo e aos suxeitos obrigados ao pagamento da remuneración: os titulares dos establecementos accesibles ao público, seguindo o criterio fixado polo artigo 37.2 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

O artigo cinco ocúpase da forma en que se debe levar a cabo o pagamento da remuneración. De acordo con isto e co fin de facilitar aos suxeitos obrigados o cumprimento da súa obrigaón, dispónse que ese pagamento se faga efectivo a través das entidades de xestión dos dereitos de autor, que poderán designar un representante único para actuar en representación de todas elas. No caso de establecementos de titularidade pública dispónse que o pagamento se efectúe con suxeición ao procedemento que resulte procedente de acordo coa lexislación aplicable en cada administración pública titular da obrigaón. Para o caso específico das administracións locais, prevese que as asociacións de entidades locais poderán actuar na súa representación sempre que aquelas acorden outorgarles tal representación.

Sen prexuízo do anterior, o número 4 flexibiliza a previsión de designar un representante único ao disporse a posibilidade de que as entidades non concorran de maneira exclusiva a través desa vía, articulando, en definitiva, tres posibilidades: a) representante único; b) acordo entre entidades sobre a porcentaxe respecto dunha modalidade de obra ou laudo que substitúa o acordo, e c) consignación da remuneración na falta de acordo sobre algunha das dúas opcións anteriores.

O artigo seis, de acordo co disposto no último parágrafo do artigo 37.2 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, prevé os mecanismos de colaboración entre a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as corporacións locais para promover o cumprimento efectivo das obrigaóns de remuneración que afecten establecementos de titularidade pública. Para este fin, dispón que o Consello de Cooperación Bibliotecaria, en canto órgano Colexiado de composición interadministrativa que canaliza a colaboración entre as administracións públicas en materia de bibliotecas, asumirá a misión de reunir e difundir toda a información que lle subministren os seus membros en relación coa remuneración por préstamo.

O cálculo da contía da remuneración aos autores polo préstamo das súas obras régúlase no artigo sete. Sendo o préstamo a actividade que xera o dereito á remuneración, os dous criterios utilizados para determinar o cálculo relaciónanse directamente cos elementos intervinientes nesa actividade: por un lado, os exemplares das obras suxeitas a dereitos de autor e, por outro, as persoas que fan uso efectivo do servizo de préstamo. O primeiro deles áchase a través do cálculo do número de obras protexidas que pon ao dispor o establecemento mediante préstamo, mentres que o segundo se concreta na determinación do número de cidadáns que fan uso efectivo do servizo de préstamo no establecemento en cuestión.

Este método de cálculo adécuase ao establecido no último inciso do artigo 6.1 da Directiva 2006/115/CE, segundo o cal os Estados membros poderán determinar libremente esta remuneración tendo en conta os seus obxectivos de promoción cultural, e axústase á interpretación xurisprudencial realizada polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea na súa sentenza do 30 de xuño de 2011 (asunto C-271/10) no que se refire particularmente á necesidade de considerar tamén nese cálculo un segundo criterio, o do número de prestameiros inscritos no establecemento que realiza o préstamo. En efecto, dado que a remuneración constitúe a contrapartida ao prexuízo causado aos autores derivada da utilización das súas obras en establecementos accesibles ao público sen necesidade de autorización e, tendo en conta a citada xurisprudencia, a fixación do importe desta remuneración debe vincularse a todos os elementos constitutivos deste prexuízo, tendo en conta non só a amplitude da posta ao dispor, a través do número de

obras que son obxecto de préstamo por parte dos establecementos, senón tamén o número de usuarios efectivos do servizo de préstamo.

O articulado do real decreto fécchase co artigo oito, no cal se regula a distribución da remuneración entre os autores, que se realizará a través das entidades de xestión e conforme criterios de proporcionalidade, obxectividade e publicidade.

A parte final da norma componse dunha disposición transitoria, unha disposición adicional e tres disposicións derradeiras. Nelas recóllese o inicio temporal da aplicación do método de cálculo da contía da remuneración previsto no artigo, a previsión para a actualización das contías a que se refire o artigo 7, o título competencial en que se ampara a norma, a habilitación para o desenvolvemento regulamentario e a entrada en vigor.

Na elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas a través da Conferencia Sectorial de Cultura e a Administración local a través da Federación Española de Municipios e Provincias, o Consello de Cooperación Bibliotecaria e as entidades de xestión dos dereitos de propiedade intelectual.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, co informe do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xullo de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é regular o procedemento de pagamento e os criterios obxectivos para o cálculo da contía da remuneración polo préstamo de obras protexidas por dereitos de autor que se realicen nos establecementos accesibles ao público a que se refire o artigo 2.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Para os efectos deste real decreto, a obrigaón de remuneración aplícase aos préstamos de obras protexidas por dereitos de autor realizados en museos, arquivos, bibliotecas, hemerotecas, fonotecas ou filmotecas de titularidade pública ou que pertencan a entidades de interese xeral de carácter cultural, científico ou educativo sen ánimo de lucro, ou a institucións docentes integradas no sistema educativo español.

2. Non obstante o disposto no número 1, quedan eximidos da obrigaón de remuneración:

a) Os establecementos de titularidade pública que presten servizo en municipios de menos de 5.000 habitantes, incluíndo os servizos móbiles cando realicen o préstamo en tales municipios.

b) As bibliotecas das institucións docentes integradas no sistema educativo español.

Artigo 3. *Feito xerador.*

1. O dereito dos autores a percibiren unha remuneración xérase polo préstamo das súas obras non incluídas no dominio público, tal e como se define no artigo 19.4 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, realizado a través dos establecementos enumerados no artigo 2, e xa se trate de orixinais ou de copias de obras sometidas a dereitos de autor.

2. Non xeran o dereito de remuneración por préstamo:

a) A consulta *in situ* de calquera tipo de obra nos locais dos establecementos citados no artigo 2.

b) Os préstamos de obras que se efectúen entre os establecementos a que se refire o artigo 2.

c) O préstamo en beneficio de persoas con discapacidade, nos termos previstos no artigo 31 bis 2 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Artigo 4. *Suxeitos beneficiarios.*

Son beneficiarios desta remuneración os autores, nos termos previstos no texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Artigo 5. *Suxeitos obrigados ao pagamento da remuneración e procedemento de pagamento.*

1. Os titulares dos establecementos enumerados no artigo 2 quedan obrigados ao pagamento dunha contía global en concepto de remuneración por préstamo.

2. Os suxeitos obrigados efectuarán o pagamento da remuneración a través das entidades de xestión dos dereitos de autor. Estas entidades, na súa relación cos suxeitos obrigados, poderán designar un representante único que actuará en representación de todas elas, logo de acreditación da súa condición como tal.

3. En caso de que as entidades de xestión non actúen mediante representante único, deberán establecer e proporcionar aos suxeitos obrigados ao pagamento un acordo sobre as porcentaxes ou sistema de repartición acordados por todas as entidades de xestión concorrentes na xestión de dereitos dun mesmo tipo de obra. Se non atinxiren este acordo, a determinación das porcentaxes ou sistema de repartición por cada tipo de obra poderá fixarse ou establecerse mediante laudo da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual ou doutro órgano arbitral, logo de subscripción do convenio arbitral por todas as entidades afectadas. O laudo establecerá as porcentaxes ou sistema de repartición da cantidade da compensación asignada a cada tipo de obra e permitirá recoñecer as obrigacións e o pagamento ás entidades de xestión de conformidade cos seus termos. Se as entidades concorrentes non atinxiren o dito acordo, as cantidades debidas poderán ser consignadas polos suxeitos obrigados, de acordo co previsto no ordenamento xurídico, a fin de evitar a produción de xuros.

4. O pagamento da remuneración que afecte establecementos de titularidade pública efectuarase mediante o procedemento que proceda conforme a lexislación aplicable en cada administración pública titular da obrigación. As asociacións de entidades locais poderán actuar en representación das administracións locais que acorden outorgarles a súa representación.

Artigo 6. *Colaboración entre administracións públicas.*

Para os efectos de promover o cumprimento das obrigacións que afectan establecementos de titularidade pública, o Consello de Cooperación Bibliotecaria reunirá e difundirá tanta información lle subministren os seus membros en relación cos elementos que interveñen no cálculo da remuneración por préstamo incluídos no artigo 7.

Artigo 7. *Cálculo da contía da remuneración.*

1. A contía global en concepto de remuneración por préstamo nos establecementos incluídos no artigo 2 será determinada pola administración ou entidade titular do establecemento nos termos previstos nos números seguintes, en función da suma dunha cantidade calculada en relación co número de obras suxeitas a dereitos de autor postas á disposición con destino ao préstamo e dunha cantidade derivada do número de usuarios efectivos do servizo de préstamo.

2. A contía global en concepto de remuneración por préstamo calcularase anualmente e farase efectiva ao longo do primeiro semestre do ano seguinte. Os datos que se utilizarán para estes cálculos serán os correspondentes ao exercicio anual precedente.

3. A parte da contía que toma como base o número de obras suxeitas a dereitos de autor postas ao dispor con destino a préstamo obterase multiplicando por 0,004 euros o número de obras que foron obxecto de préstamo en cada establecemento no ano correspondente.

4. A parte da contía relativa ao número de usuarios efectivos do servizo de préstamo obterase multiplicando por 0,05 euros o número de usuarios inscritos anualmente en cada establecemento que fixesen uso efectivo do servizo de préstamo no ano correspondente.

Artigo 8. *Distribución da remuneración.*

1. A remuneración aos autores coas cantidades obtidas conforme o previsto no artigo 7 farase efectiva a través das entidades de xestión dos dereitos de autor.

2. As entidades de xestión dos dereitos de autor estarán obrigadas a satisfacer anualmente aos autores a remuneración individual que lles corresponda polo préstamo das súas obras, en función das cantidades obtidas en aplicación do previsto no artigo 7. O criterio utilizado para efectuar a repartición deberá ser, en todo caso, obxectivo, proporcional e de público coñecemento.

Disposición transitoria. *Aplicación do cálculo da contía da remuneración.*

1. O cálculo da contía que toma como base o número de obras suxeitas a dereitos de autor postas ao dispor con destino a préstamo, conforme o artigo 7.3, aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2016. Até esa data o cómputo obterase multiplicando por 0,16 euros o número de obras adquiridas anualmente para tal efecto en cada establecemento.

2. O cálculo da contía relativa ao número de usuarios efectivos do servizo de préstamo, conforme o artigo 7.4, aplicarase desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional única. *Actualización de contías.*

Mediante orde ministerial do departamento competente na materia, as contías previstas no artigo 7 deste real decreto poderán actualizarse de acordo coa normativa vixente en materia de actualización de valores monetarios.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.9.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habíltese a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar cantas disposicións e actos foren necesarios para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de xullo de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA